

Tarefas música 3º e 4º de Primaria.

Boas a tod@s, esta semana recordaremos os diferentes instrumentos de percusión que podemos encontrar na aula de música.

<https://clic.xtec.cat/projects/orffesp/jclic.js/index.html>

A través deste enlace, accederemos a actividades interactivas. Unha vez entrado na páxina, poremos a pantalla completa (rodeado na imaxe cun círculo vermello) e usaremos o botón “seguinte” (círculo verde) para ir avanzando de actividade en actividade.



Temos que ter en conta que algunhas veces vén unha explicación previa ao exercicio, polo que teremos que clickar outra vez en “seguinte” para acceder á actividade que se explicaba.

Son instrumentos que se coñecen ben. Atoparedes exercicios de relacionar sons cos seus instrumentos correspondentes. Para relacionar clickaremos no obxecto e despois levaremos a frecha ata onde nós digamos e clickaremos no que creamos que é o correcto. Tamén atoparemos nesta ligazón puzzles de instrumentos que teremos que organizar para ordenar a foto do mesmo, sopas de letras (pensade que algúns poden estar en plural)

Son exercicios bastante doados pero que necesitan a atención dos nenos e nenas para poder discriminar correctamente os sons que se producen.

P.D.: procurade que o volume do ordenador estea operativo, xa que cada imaxe ten un son ao pulsala.

Moito ánimo e xa queda menos!